

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 16 de abril de 2010 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio 2010, convocadas pola Orde do 28 de decembro de 2009.*

A Orde do 28 de decembro de 2009 (DOG nº 253, do 30 de decembro), establece na súa disposición adicional cuarta que se poderán ditar resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado ou doutros remanentes dos módulos.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 28 de decembro de 2009, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron concedidas,

### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2009, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010:

Aplicación	Proxecto	Importe (€)
12.05.323A.440.0	200901008	69.626,16
12.05.323A.460.1	200901008	2.002.084,29
12.05.323A.471.0	200901008	2.282.619,47
12.05.323A.481.0	200901008	2.239.704,63

Segundo.-Esta modificación non afecta ao prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

### Disposición derradeira

Única.- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2010.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 16 de abril de 2010 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 27 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora e o afianzamento da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.*

Orde do 27 de outubro de 2009 (DOG nº 214, do 2 de novembro), pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora e o afianzamento da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

1. No seu artigo 12º precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas e, así mesmo, que os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia con que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Dado o interese das accións amparadas pola orde, e co obxecto de poder amparar as máximas solicitudes posibles, aprobáronse os correspondentes expedientes de xeración e ampliación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 14 e 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

### DISPOÑO:

Artigo único

1. Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 27 de outubro de 2009 (DOG nº 214, do 2 de novembro), pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora e o afianzamento da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

2. O incremento da dotación será de 700.000 euros con cargo ás aplicacións 13.02.713 C770.6 por 493.260 e 13.02.712 C770.5 por 206.740 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.